

**Convocatoria da Sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local
para o 10 de febreiro de 2020 (XGL 3/2020)**

Conforme ó ordenado pola Alcaldía por Resolución núm. 250/2020 de 6 de febreiro, e de acordo co previsto no art.113.1. e 2 do R.D. 2568/1986, como membro do seguinte órgano colexiado deste Concello, convócaselle á sesión **Ordinaria** da Xunta de Goberno Local que terá lugar na Sala de sesións do concello de Carballo o **10 de febreiro de 2020, ás 13:30 horas** en **primeira convocatoria**, e de non haber “quórum” suficiente, en segunda convocatoria unha hora despois.

Asi mesmo informáselle que a copia do borrador da Acta da sesión anterior foille remitida en formato PDF ó enderezo electrónico que consta na copia da notificación da convocatoria. Do mesmo xeito, comunícaselle que a partir desta data está á súa disposición, nesta Secretaría Xeral, a documentación dos asuntos que se inclúen na Orde do Día da presente convocatoria.

Sesión de: Xunta de Goberno Local	Data da sesión: 10-02-2020
Convocatoria: Sesión Ordinaria 3/2020	Hora: 13:30

1. Acta da sesión anterior (27/01/2020). Aprobación

2. Publicacións boletíns oficiais.

3. Xulgados e tribunais.

4. Decretos. Dación de conta.

5. Resumo de ingresos da recadación municipal. Dación de contas 4º trimestre ano 2019.

6. Subvencións.

6.1. Solicitude de subvención á Deputación Provincial da Coruña para financiar o gasto de persoal da oficina de turismo durante o exercicio 2020. Aprobación.

6.2. Solicitude de subvención á Consellería de Economía, Emprego e Industria para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2020-2021 (código de procedemento TR331A). Aprobación.

6.3. Solicitude de subvención á Consellería de Economía, Emprego e Industria para mellora de infraestruturas nos parques empresariais 2020 (IN519B). Aprobación.

6.4. Solicitude de axudas e subvencións á Consellería de Economía, Emprego e Industria para os programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil para o periodo 2020-2021 (código procedemento TR353B). Aprobación.

7. Garantías.

7.1. Devolución dos avais nº 32/14 e 60/17 e da fianza en metálico SIA20160000016 depositados para responder do contrato administrativo de servizo: Programa de exercicio físico e maiores de 60 anos (SAT 28/2014).

8. Vaos permanentes.

8.1. Reserva espazo aparcamento na rúa Vázquez de Parga, núm. 73. Modificación vao núm. 272.

8.2. Vao permanente na avenida das Flores, núm. 75 baixo. Autorización.

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



Exp. 2020/G007/000003

9. Licenzas de obra.

9.1. Instalación de distribución eléctrica con retranqueo de LMT, CT, RBT, O Zarrallo, Sofán. Expte. 2017/U022/000023.

9.2. Reforzo de vial e ampliación de pista para acceso á Mina de Santa Lucía no Lg. A Brea. Expte. 2019/U022/000101.

9.3. Modificación de licenza outorgada para construción de vivenda unifamiliar no lugar de Casas Novas, Berdiillo. Expte. 2019/U022/000108.

10. Licenzas de Primeira Ocupación.

10.1. Licenza de primeira ocupación para nave industrial sen actividade específica na parcela F5, rúa do Wolframio, Parque Empresarial. Carballo. Expte. 2019/U007/000037.

11. Expedientes de contratación. Adxudicación.

11.1. Contrato de "Servicios de las especialidades preventivas de vigilancia de la salud, seguridad laboral, higiene industrial y ergonomía/psicosociología aplicada para el personal del Ayuntamiento de Carballo" (SER 24/2019). Adjudicación.

11.2. Contrato administrativo de "Servicio de prestación del programa CONCILIA de protección, vigilancia y desayunos a los escolares de centros públicos de educación infantil y primaria (CEIP) del municipio de Carballo" (SER 18/2019). Adjudicación desierta.

12. Expedientes de contratación. Modificación.

12.1. Contrato administrativo de servizos para o "Mantemento das instalacións, equipos e sistemas de protección contra incendios (PCI) do Concello de Carballo" (SAT. 38/2014) Modificación núm. 1. Prórroga.

13. Rogos e preguntas.

O que se notifica ós correspondentes efectos.

En proba da recepción da convocatoria e a orde do día, no seu caso, sírvase asinar a presente. Documento asinado dixitalmente, en Carballo, na data que figura ao marxe.

O Secretario,
D. José Villán Fuertes